

somentes nun réximen de libertades

poden ser satisfeitas as reivindicacións gandeiras

Na infinda lista de problemas que ten plantexada a sociedade española, e neste caso moi acentuadamente a galega, a situación da gandería continua inscrita xa non sen perspectivas desolación, senón en continua degradación, camiño da ruina total. Como non podía ser de outro xeito, a protesta estoupou con toda a forza entre os gandeiros. "Repudio", "denuncia", "exigencia de responsabilidades", son os termos máis refinados que poideron atopar nas súas resolucións. Ó mesmo tempo, o plantexamento dunha "folga da carne", e a ameaza de retirar dos organismos oficiais as representacións sindicais apuntan claramente o camiño que se impón: a acción de masas.

O contraste entre a realidade e os discursos gubernamentales non poden ser país evidente. Mentras que o señor ministro de agricultura fala de "ilusionar" aos xóvenes pra que se queden no campo, importanse produtos gandeiros, primados, co que se funde ó produtor que ten que emigrar, sendo cas divisas que il manda ó país que se solventan esas mesmas primas. Extraordinario ilusionista tería que ser o señor ministro pra facer veraces as súas teorías. E así como se pensa converter a España nun país eminentemente gandeiro?

Según as estadísticas, no ano 1933 a cabaña de vacuno en Galicia contaba con 1.147.600 cabezas, mentras que no ano 1962 esta cifra baixa a 1.011.411. De como isto non corresponde a ningún fatalismo, senón a flagrante incapacidade administrativa, son bó esponente estes datos da Dirección General de Agricultura (1.962):

Terra destinada a cultivos, prados e pastos.	1.230.682 Has.
Monte alto e baixo (aptos para ser transformados).	1.620.508 "
Superficies improductivas	91.628 "

Se engadimos que o rendimento da terra cultivada é do 93,30 por cento mentras que dedicada a arbolado é do 6,70 por cento, difícil sería atopar xustificación algunha.

Un feito aparece a evidente: co diñeiro con que se priman os produtos importantes poderían acometerse xa importantes traballos de reconversión que permitirían o abastecemento interior, e mesmo a exportación. Trátase entón dun fallo administrativo? Non, nós coidamos que non. Trátase dunha política promonopolista e, neste senso ven premeditada e coherente.

Cando os comunistas afirmamos que o campo, pra poder vivir, precisa da liberdade, da democracia, non facemos máis que sinalar o único camiño que hoxe pode levarnos, poñernos en camiño de solucións valedoras. Solucións que o réximen, pola súa propia esencia, polos intereses que serve nunca poderá dar. E por elo que as

Pasa á pág. 2

a voz do pobo

¡Proletarios de todos os países unidos!

ORGÃO DO PARTIDO COMUNISTA DE GALICIA - Ano V - Nº 17 - 19 Outubro 1973 - 8 Pts.

Xuicio contra dos pescadores ferrolans: a represión verticalista foi desenmascarada

Durante os días 20, 21 e 22 de Setembre celebrouse na Audiencia da Cruña o agardado xuicio contra sete membros do antigo Cabildo da Cofradía de Pescadores do ferrol e máis o seu ex-Patrón Maior, D. Manuel Pillado Martínez. Recordemos que a acusación particular, que exercía a Organización Sindical, solicitaba dous anos e tres meses de cadea, 16 anos de inhabilitación e 47.000 pesetas de multa pros sete procesados antigos membros do Cabildo, e 13 anos e medio de

cadea, 24 anos de inhabilitación e 95000 pesetas de multa pra o ex-Patrón Maior, Sr: Pillado Martínez. Trátase dun novo intento represivo do Sindicato verticalista, contra destes oito representantes dos pescadores e mariscadores ferrolans, que non puido ser consumado. Poucos días despois, o Tribunal ditaba Sentencia absolvendo totalmente ós sete pro

Pasa á pág. 4

Pra afondar máis na nosa problemática nacional.

Pra avanzar na loita contra da ditadura, pola democracia e o socialismo:

LEE, DISCUTE E APLICA CON INICIATIVA E ESPRITO CREADOR O CONTIDO DA RESOLUCIÓN POLITICA E DE MAIS DO DOCUMENTOS DO II CONGRESO DO P.C. DE GALICIA

ARCHIV

somentes nun réximen...

Ven da páx. 4

reivindicacións, o "repudio" e a "denuncia" teñen de ir totalmente vencellados a eisixencia das libertades.

O Programa Provisional do P.C. de Galicia xa apunta, a grandes liñas, desas solucións, partindo da indispensable autonomía pra Galicia, dun Goberno propio -- elexido democráticamente. Nise senso insértanse as funcións que corresponderían o Concello Económico Social:

A) "A participación directa e efectiva de Galicia no Concello Económico-Social que se cree a nivel central ou do Estado, ós efectos da elaboración e realización dos plans económicos xenerales, rexionales, etc., e da política económica proxunta de España".

B) "A creación e existencia dun Concello Económico-Social de Galicia que aporte os elementos básicos pra elaboración do plan económico e de desenvolvemento rexional que xunto cos demais plans rexionales abran de integrarse como un todo armónico dentro do Plan Xeneral do Estado, e que a nivel de Galicia vixile e controle a execución dos plans e das tarefas elaboradas en común, do Concello Económico-Social Central. Iste Concello Económico-Social Galego, debe desempeñar na esfera da vida económica-social de Galicia, con espírito de iniciativa e acorde cas particularidades da rexión, a misión que no orden xeral se lle asina ó Concello Económico-Social Central".

C) "O Concello Económico-Social de Galicia abará de estar integrado por representantes das distintas clases e capas sociais, elexidos democraticamente no seo dos sindicatos de obreiros industriais, agrícolas e pescadores, das sociedades campesinas e asociacións de profesionais, profesións liberais, comerciantes ou industriais, así como da banca e das industrias nacionalizadas".

A creación dun fondo de terras, e integración predial ou concentración auténtica e democrática, e a posta en obra dun verdadeiro Plan de regadíos, son algúns dos elementos que conforman o que podería ser a Reforma Agraria en Galicia. No dito programa faise incapé na necesidade de orientar estas medidas fundamentalmente a gandería, así como os cultivos

afíns. Entre outras reivindicacións campesinas sinalase a necesidade de precios garantizados e remuneradores, a intervención campesina na política de importacións de produtos agropecuarios, a loita contra os intermediarios, a protección e axuda crediticia por parte do Estado, etc.

Gran parte das medidas propostas no Programa son xa hoxe defendidas ou sentidas polos agricultores e gandeiros galegos. A masificación das protestas e loitas, a profundización nos problemas que hoxe aparecen con tanta agudeza, non poden levar a mais consecuencia inmediata que a de redoblar os esforzos pola conquista das libertades democráticas, necesidade que plantexa toda a sociedade, enfrenteada ó grupo de intereses minoritarios que ten secuestrado o poder.

As repetidas manifestacións de apoio -- que o P.C. de Galicia ven espresando en relación cas numerosas resolucións surtidas das asambleas campesinas, sindicatos, hermandades e personalidades relacionadas ca gandería, non son, por tanto, simples actitudes colunturales. Son o reflexo -- consecuente da preocupación que os comunistas sentimos, e necesariamente temos de celebrar a converxencia cos novos sectores na loita reivindicativa.

As loitas dos produtores de pimentos de Navarra, unida as grandes movilizacións dos traballadores e pobos de Ferrol, Vigo, Bilbao, Barcelona, Pamplona, compoñen xa un impresionante abanico de esperanzas no camiño que indefectiblemente ha de levarnos a conquista da imprescindible liberdade. Non pode ser tamén esa vía a que movilice os gandeiros galegos pequenos e grandes, igualmente afectados pola actual situación?

Vilanova.

o bispo de ourense, axente represivo do franquismo

Mentras a "polémica" imaxe da Virxen de Fátima é paseada polos guerrilleiros do Cristo Rey -- e venerada por moitos católicos de fé sincera que non se dan conta de como o seu aito é empregado polo réximen e seus aditos contra a Eirexa mais progresiva--, en Ourense danse unha serie de feitos ben significativos.

1º) Nun escrito firmado por trescentos xóvenes católicos de Ourense pide a dimisión do Bispo, ó que se acusa de "vivir al margen de los pobres y al lado de los privilegiados por la fortuna, la cultura y en definitiva el poder". No mesmo sinalase as numerosas remocións de cargos de organizacións católicas e parroquias, levadas a cabo polo Bispo, en contra da vontade dos feligreses.

2º) O domingo día 7 de outubro substituíuse a misa nunhas trinta eirexas da diócesis por unha "celebración de la palabra" pra insistir na denuncia contida no dito documento.

3º) Cento trinta veciños de Leiro manifestáronse no palacio episcopal contra a decisión do Bispo de trasladar o actual párroco, na mañá do martes 10 de outubro.

As razóns que moven ó Bispo de Ourense na súa actividade represiva son fáciles -- de imaxinar, como ben coñecida é a súa ligazón estreita cos centros de poder económico e administrativo da provincia.

i Solidaridad cos cregos e militantes católicos represaliados i

sobre la crítica y la autocrítica en el partido



CONTINUACION

Uno de los campos donde creo debe de ponerse de manifiesto la madurez del Partido y su cohesión política e ideológica, donde el papel de vanguardia del P. debe de quedar patente, es precisamente este de su capacidad crítica y autocrítica. Porque un Partido fuertemente cohesionado, un Partido que sea verdaderamente un arma para la acción, para el combate, tiene que ser una organización revolucionaria profundamente crítica y autocrítica que potencie y no coarte la actividad creadora de sus militantes, y nuestro Partido, el Partido Comunista de Galicia, lucha a diario por conseguirlo.

El resultado de todo ello será el de tener un Partido estrechamente unido, que a la hora de actuar lo hace como un solo hombre y golpeando al enemigo con toda su fuerza.

La unidad del Partido es fundamental y absolutamente imprescindible para llevar a cabo la gran tarea revolucionaria en la que está comprometido; pero esta unidad, esta cohesión, esta unanimidad necesaria a la hora de la acción tiene que ser una unidad profundamente consciente, una unanimidad con la que cada militante se sienta íntimamente vinculado y en ningún momento podrá ser una unanimidad pasiva

va y despreocupada, que nada tendría que ver con un Partido revolucionario como el nuestro.

En este contexto, la discusión que pueda surgir en cada organización del P. en torno a cualquier problema político, incluso en torno a aspectos de nuestra línea y en especial en torno a la Resolución Política y demás documentos de nuestro II Congreso, la crítica y la autocrítica que todos debemos hacernos cuando hay fallos y deficiencias, creo que deben de ser tenidas en cuenta al máximo, y ser valoradas en profundidad por los organismos de dirección del P. No se trata solamente de escuchar la crítica que formula un camarada o una organización; si esa crítica es correcta y responde a la realidad, necesariamente habrá de plasmarse en nuestra política y concretizarse a la hora de su aplicación.

Del mismo modo, el desarrollo de nuevas iniciativas en todos los órdenes de nuestra actividad política deben de ser potenciadas al máximo en todas las organizaciones del Partido, incluso aquellas que pueden ser diferentes de las que pueda tener en un momento dado la dirección, deben tenerse en cuenta y ser objeto de un proceso de discusión que lleve a su clarificación política.

Es a través de esta elaboración de iniciativas, de la discusión creadora que hoy existe en el seno de cada organización del P., junto con su concreción práctica y su enriquecimiento en la experiencia viva de la lucha de masas, como los camaradas participamos en la elaboración de la política del Partido.

La celebración del II Congreso del Partido Comunista-

de Galicia, tras las últimas acciones de masas del 72 en Ferrol, Vigo y Santiago, y de cara al necesario relanzamiento del movimiento de masas, que la situación exige, viene a coincidir con una etapa de maduración política que se observa en el conjunto del Partido, en el sentido de enraizarnos cada vez más en la problemática nacional de Galicia, de ir concretando nuestra alternativa al problema del subdesarrollo y la dependencia de nuestra nacionalidad, de orientar nuestros esfuerzos al derrocamiento de la dictadura franquista que hoy oprime a nuestro pueblo y aparece como el principal enemigo de Galicia, el principal obstáculo a su liberación. Las tesis políticas de nuestro II Congreso y su discusión, tienen que ser un factor fundamental a la hora de profundizar en este terreno.

Xesús Lameiro.

a loita contra do plan marisqueiro continua

Os desastres que ven producindo entre os nosos traballadores do mar o "Plan Marisqueiro de Galicia", ó servizo dos monopolios, estanse facendo notas nas nosas costas. Despois dos problemas que xurdiron na Cofradía de Pescadores do Ferrol (do xuício o seu antigo Cabildo e Patrón Maior, dase noticia neste mesmo número), das loitas de Hfo-Aldán, e outras zonas, son agora os marisqueiros de BAMIO e CARRIL, en Villagarcía de Arosa, os que pasan a acción.

Os pasados días 28 e 29 de Setembro, como xa dixemos no número anterior de "A Voz do Pobo", mais de douscentos marisqueiros, homes e mulleres, concentráronse diante da Comandancia de Marina para protestar contra da prohibición de mariscar na zona da "Fangueira" que foi-

ouxeto de concesión polo M^o de Comercio e mais o Plan Marisqueiro á Cofradía de Pescadores de Carril. Tivo que intervir a Guardia Civil e mais a Comandancia de Marina de Villagarcía, que instruíu diligencias encol do sucedido.

Feitos como iste, que se veñen repetindo derradeiramente nos pobos mariñeiros de Galicia, poñen ás claras de manifesto ó servizo de quen foi feito o "Plan Marisqueiro", que foi elaborado ás espaldas dos homes do mar e sen ter en conta os intereses dos traballadores mais humildes. Son tamén un novo exemplo de cómo os nosos pescadores loitan contra da política do franquismo neste sector de tanta importancia na nosa Terra.

Corresponsal.

Xuicio contra...

cesados membros do antigo Cabildo, e — condenando a catro meses de cadea e multa de trinta e cinco mil pesetas o ex-Patrón Maior.

As sesións do xuicio, que acaprou a atención da opinión pública de toda Galicia e ocupou as primeiras páxinas de todos os xornales galegos, asistiu un gran número de persoas que abarrotaban a Sala da Audiencia, maioritariamente pescadores e marisqueiros ferrolans, que tiñan acompañado ós seus antigos representantes nun honroso xesto de solidariedade.

A esputación existente encol do xuicio era moi grande en todo o noso pobo, sobor de todo nos meios mariñeiros de Galicia, xa que numerosas octavillas tiñan sido espalladas nos días anteriores polas organizacións locais e provinciais do P. C. de Galicia e tamén polas Comisiós Obreiras. (Dous días antes do xuicio, houbo na Cruña un comando de máis de 40 persoas que se manifestaron en diversos puntos da cidade, en apoio dos pescadores).

Tíñase chamado á solidariedade cos procesados, explicando o significado político desta farsa montada polo Sindicato vertical e que foi levada da man polo coñecido verticalista LIANO FLORES, xerarca sindical, Procurador en Cortes e membro do CESGA, que exercitaba a acusación particular e tiña un interese directo no xuicio — como se demostrou polas declaracións dos testigos e dos mesmos procesados nas sesións do xuicio —, xa que os membros do Cabildo procesados, durante o seu mandato ó frente da Cofradía ferrolan, tiñanse onsto en sucesivas ocasións a moitas das medidas do "Plan Marisqueiro pra Galicia", medidas que supoñían roubar ós pescadores as riquezas comunales das nosas ribeiras e entregar as praias as grandes empresas monopolistas; "Plan Marisqueiro" en cuja elaboración participou directamente o Sr. Liaño Flores, que foi asimismo o Procurador que defendeu nas Cortes esta ponencia. Non é de estrañar, polo mesmo, que iste xerarca verticalista tivera un enorme empeño en "castigar duramente" ós seus osados opositores.

No trascurso do xuicio quedou tamen de manifesto o papel de "homes de palla" ó servicio do Sindicato vertical que venen xogando o noso Patrón Maior, Angel

del Rio, e máis os novos membros do Cabildo, que os propios pescadores do Ferrol aínda non saben quen son, e que foron elexidos en contra da súa opinión maioritaria. Déronse feitos tan pintorescos como que o propio Patrón Maior, o Sr. del Rio, que exercitaba tamén a acusación particular ó lado de Sindicatos, nin tan siquera coñecía persoalmente ós procesados, ós que nembargantes acusaba de diversos delitos. A preguntas dun dos letrados defensores, dixo que non os coñecía (esceuto a D. Manuel Pillado), porque tiña firmada a denuncia contra deles porque así llo tiñan aconsellado en Sindicatos.

As intervencións dos letrados defensores dos procesados (os Sres. Rato y Rodríguez de Moldes, Báez Vázquez, Peces-Barba Martínez, Nuñez Casal, Etchevarría Vázquez, Pazos Bande, Murillo Carrasco e Lobato Alonso), puxeron de manifesto a incongruencia das acusacións que se fixeron ós seus defendidos, o choque que se tiña producido entre a libre coluntá dos pescadores manifestada nas súas Asambleas e a política seguida polo Sindicato vertical, e solicitaron a libre absolución de todos eles.

O Sr. Liaño Flores, alegando non sabemos que pretesto, ausentouse do xuicio cando lles tocaba informar ós abogados defensores dos pescadores. Ó parecer decatouse do ridículo que estaba facendo e de cómo se tiña desenmascarado o papel represivo e de xendarma que desempeñaba no nome dos Sindicatos, e preferiu abandonar a Sala, aínda que non sin antes lanzar todo un conxunto de falsas acusacións sobre os procesados, o que motivou a protesta do letrado Sr. Peces-Barba e outros.

Coidamos, en resúmen, que o xuicio foi un extraordinario exemplo da solidariedade que se tiña desenrolado ó redor dos procesados. A defensa distes homes transformouse nunha denuncia da política seguida polo franquismo neste sector, o servicio dos monopolios e contra dos intereses dos traballadores do mar de Galicia.

O conseguir a absolución total pra sete dos procesados é unha gran vitoria dos sectores populares e democráticos do noso pobo, e en primeiro termo, dos nosos pescadores e marisqueiros que sempre estiveron ó lado dos oito procesados. Pero esta vitoria non será completa si non conseguimos que tamén o ex-Patrón Maior, Manuel Pillado Martínez, (condenado a catro meses de arresto) non teña que pasar nin un solo día na cadea. (Asegún informaba estes días a prensa, o seu abogado, o Sr. Rato y Rodríguez de Moldes, pensa recurrir contra da sentenza condenatoria ó Tribunal Supremo).

O réximen que a través do seu Sindicato feixista non puido mandar á cadea a sete dos procesados, pretende nembargantes paralizar as loitas que cada vez — máis decididamente venen desenrolando os nosos pescadores e marisqueiros, imponen do estes catro meses de cadea ó ex-Patrón Maior da Cofradía ferrolan, nun intento de que ista represión selectiva atemorice ó noso pobo na súa loita. Pero non o vai conseguir. Temos que eisixir que ista condena seña anulada, movilizándonos en solidariedade co ex-Patrón Maior, desenrolando todo tipo de accións de protesta hastra conseguir tamén a absolución total pra Manuel Pillado.

Corresponsal.

OS PIMENTEIROS DA RIBEIRA DO Ebro: UN GRAN EJEMPLO

As formidables accións levadas a cabo polos produtores de pementos de Navarra e Aragón, con cortes de tráfico, rapiques de campanas, organización dunha gran marcha sobre Zaragoza, e un decidido enfrentamento cas forzas represivas do que algunhos labregos resultaron con feridas de arma de fogo, son un exemplo que pode moi pronto repetirse en calquer rincón de España.

Saudamos dente "A Voz do Pobo", seguros de transmitir os sentimentos da maioría dos labregos e do pobo galego en xeneral; esta gran mostra de combatividá campesina.

el paso a la...

Viene de la pág. 6

oponiendo a la represión el muro de las masas, la línea de masas. Hoy puede tener y tiene mas valor una acción de masas mínima que un intenso y expuesto esfuerzo agitativo (esfuerzo necesario en todo caso). Que cada comunista detenido, represaliado o despedido suponga una respuesta de masas, este es y debe ser nuestro objetivo.

Hemos pasado ya de la fase de acumulación de fuerzas a la de realización de grandes acciones, a pesar de los paréntesis por los que podemos atravesar. El propio activismo organizativo de la vanguardia, absolutamente necesario, no es el elemento determinante para preparar las grandes acciones, tal como lo entendemos (extensión de CC.OO., etc.). Lo determinante es la línea de trabajo, sólo así con poco organizado se puede lograr un mucho de lucha; y a través de unas cuantas empresas punta poner en pie y dirigir a todas las empresas, a toda la clase.

Hablar de la línea de masas, de salir a la superficie, de ganar a los líderes reales, capitalizar lo espontáneo, organi-

zar el que los trabajadores puedan decidir por si mismos en asambleas, recuperar los jurados de empresa y el derecho de reuniones obreras dentro de Sindicatos, mantener reivindicaciones fuera de convenio, elaborar las plataformas reivindicativas en la empresa con los trabajadores, etc. etc. parece que supone repetir cosas conocidas. Pero, sin embargo, es necesario hacerlo, porque supone también dar elementos nuevos. Urge entonces reflexionar sobre las enseñanzas de las huelgas del 72, sobre qué fué lo que las hizo posibles. Ciertamente los despidos, las detenciones de dirigentes de estas huelgas dificulta la asimilación de experiencias por parte de la relativamente nueva vanguardia. Pero esa reflexión es tanto más necesaria, cuanto la represión, la correlación de fuerzas desfavorable, nos empuja a clandestinizarnos, a caer sin darnos cuenta en el olvido del ABC a veces de nuestra forma de trabajo que es de masas y para ser eficaz no puede ser de otra manera.

De hecho en Galicia recomenzamos de poco a mucho otra vez. Aparentemente se empieza de nuevo, pero con la mochila muchomas cargada esta vez; a un nivel superior. Nada es igual que antes del 72.

SANTOS NOS.

- frente obreiro -

TRABALLADORES DA COLLA

O pasado día 26, o grupo de traballadores denominados "carboeiros" fixeron un plante en protesta pola alteración do orden da lista por parte do listeiro, un guardia civil retirado.

A consecuencia deste paro, foron sancionados polo Delegado do traballo, na sua condición de Xefe da sección de traballos portuarios, 20 traballadores con 7 días de sanción; e dous cargos sindicais foron despedientados.

Os compañeiros dos sancionados organizaron a axuda económica, e os traballadores están declarando o conflito colectivo.

DRESSLOK

11 traballadoras foron amonestadas por baixo rendimento. As traballadoras presentaron demanda na Delegación de Sindicatos.

Ha que sinalar que as condicións que reúne a empresa, non permiten ás traballadoras dar o rendimento mínimo esixido.

TELEFONICA. REXIMEN FAMILIAR

700 traballadoras dirixíronse nun escrito o Presidente da C.T.N.E. a ós ministros de Traballo e Gobernación, no que solicitan ser integradas na plantilla, e que no caso contrario emprenderán a via xudicial.

ZELTIA - Porriño

No grupo de empresas de ZELTIA, nos últimos días os traballadores están facendo un boicot ós comedores da empresa. Tamén están tratando de facer novas eleccións ante a ineficacia do aital xurado.

PROFESIONALES

O Colexio de Abogados de Vigo fixo a sua a proposta do Abogado Sr. Alvarez Gándara, sobre os ouxetores de concencia, no sentido de que a represión penal sexa substituída polo procedemento administrativo.

OUTRAS AICIÓS

O pasado día 19 apareceron grandes pintadas en ruas céntricas e nas zonas obreiras, en solidaridá co pobo chileno, nas que se podía leer:

VIVA LA UNIDAD POPULAR. VIVA ALLENDE. NO AL FASCISMO

Estaban firmadas polo P.C. de Galicia.

O día 1º de Outubro as zonas obreiras apareceron cheas de outavillas en solidaridade cos procesados do 1001. As outavillas estaban firmadas pola Coordinadora nacional das CC.OO. de Galicia.





COMUNISTAS DE GALICIA

El paso a la OFENSIVA OBRERA

en Galicia

Las luchas obreras en Galicia en lo que va de año, alrededor de problemas sobre todo internos de las empresas (rendimientos, seguridad e higiene, sanciones, etc.) adoptando formas de acción (plante de veladas, bajo rendimiento, paros cortos, etc.) son indicativas del carácter aún defensivo del movimiento, del todavía débil ascenso de la lucha obrera. Se trata de eleva los objetivos reivindicativos de las luchas (comenzando por la exigencia de aumento de 3.000 pts. mensuales igual para todos), de elevar las formas de acción, volviendo a las huelgas, esta vez con un sello más reivindicativo, de extender y hacer mucho más masiva la respuesta obrera.

Si no es así será la patronal y el régimen quienes lleven adelante su ofensiva, castigando con dureza la mínima acción obrera, imponiendo un parón o volviendo atrás el actual ascenso. Ganas no les faltan, después de haber comprobado la combatividad de nuestra clase obrera.

Es concretamente eso, el temor a provocar nuevas huelgas generales hoy, lo que les mantiene a cierta distancia sin atreverse, de momento, a realizar despidos allí donde se dan paros y otras acciones. Nuestra mejor defensa es iniciar al unísono en toda Galicia una ofensiva reivindicativa que haga posible en una coyuntura favorable la Huelga General en Galicia, que para nosotros, después de las huelgas de Vigo y Ferrol, no es una consigna abstracta sino algo muy concreto y algo realmente conseguible, una vez la recuperación del movimiento obrero nos sitúe en el nivel adecuado, partiendo de la experiencia ya alcanzada en el 72.

Galicia debe ocupar un papel de vanguardia y unirse con decisión al movimiento ofensivo, en ascenso, de los trabajadores de todo el Estado; movimiento que tiene como señal de partida las grandes huelgas gallegas del 72, alternándose como es obvio, con el repliegue forzoso que siguió a las huelgas. Mientras en Barcelona, Vizcaya o Madrid se exigen, e incluso conquistan, las tres mil pesetas al mes, en Galicia aún no es así. Y no por menos necesidad o menos ganas por parte de los trabajadores.

Sería erróneo abultar los efectos de la represión en las grandes empresas de Vigo y Ferrol en el 72. Son hechos reales las dificultades creadas por la ausencia de reconocidos líderes obreros (aunque con la experiencia acumulada se puede renovar rápidamente). La dificultad para realizar asambleas, moverse en el interior de las empresas, la pérdida de posiciones en los Jurados, el miedo al despido, así como la presión policial y patronal continúa con la pretensión de clandestinizar el movimiento tanto dentro como fuera de las empresas. Pero sería caer en el subjetivismo no percatarnos de como el ambiente represivo afecta mucho más a la vanguardia, a sus esfuerzos por recomponerse, que a las masas. Estas ya vienen mostrando su remozada disposición a la lucha en las acciones de los últimos meses.

Si pasamos revista a éstas (paros por el convenio y posterior plante de veladas y turnos de doce horas en ASTANO; asambleas, acciones en algunas secciones; escritos en BAZAN; paros y acciones continuas en VULCANO; plante en la nueva planta por el calor; boicot al bocadillo el diez de marzo en CI-TROEN; plante de veladas y bajo rendimiento de los soldados en maquinaria en SONAVAL, en BARRERAS, etc.) comprobamos que la iniciativa de los trabajadores jugó un papel decisivo.

¿Cómo hechar al olvido toda la conciencia de clase y la experiencia acumulada por estos trabajadores protagonistas de las grandes huelgas del pasado año? ¿Cómo desconocer que los trabajadores van a la lucha si hay quien se ponga al frente, tanto si es la vanguardia organizada como líderes sin organizar? ¿Acaso no siguen ahí las causas que motivaron las huelgas del 72, agravadas por la carestía de la vida? ¿Cómo no ver la inevitabilidad del nuevo ascenso, de la repetición, mejoradas y aumentadas, de las grandes huelgas? ¿No es fundada nuestra confianza en las masas de la clase obrera gallega mas allá, claro está, de la inevitable variabilidad del estado de ánimo colectivo, en el que tenemos que aprender a penetrar sin confundirnos por superficialidades y apariencias? ¡Cuántas veces lo que parecía aparentemente imposible un día antes en una empresa o localidad, se da aumentado al día siguiente!

En lo fundamental, depende de nosotros, de la vanguardia, el que se recupere plenamente el bache represivo antes o después; de nuestra capacidad autocrítica y de nuestra forma de trabajo. Incluso años puede alargarse por insuficiencias de una vanguardia la recomposición de una parte del movimiento obrero. De nosotros depende, en lo esencial, que podamos pasar a la ofensiva, que podamos reestructurar la vanguardia obrera bajo el continuo fuego del enemigo. Lo importante es no dejarse aplastar por las dificultades "objetivas", valorar el miedo y la inseguridad del enemigo, buscar su talón de Aquiles. Trabajar sin excesivas prisas, a medio plazo, valorando las acciones intermedias que pueden valer hoy tanto como las grandes acciones en otro momento, como los riachuelos que nos llevan al torrente. Lo decisivo es tener confianza en las masas, en su iniciativa y deseos de luchar, y aplicar una línea de trabajo correcta, luchando contra la rutina, la no-reflexión de los problemas que se nos plantean, el dejarse llevar por las circunstancias y las dificultades. Los cambios que produjeron las huelgas del 72 exigen que reconsideremos y profundicemos continuamente nuestra línea y resultados del trabajo en el movimiento obrero.

Hoy la tarea central de los comunistas es movilizar a las masas y organizarlas, el ponerse al frente de las amplias masas en lucha. La tarea secundaria, subordinada a la anterior, es el activismo minoritario, los comandos, las octavillas, las pintadas. Sin que se niegue lo indispensable de esta tarea de bemos de eludir el enfrentamiento directo vanguardia-represión (con B.P.S. y patronal...), arropándonos con las masas,

Pasa a la pág. 5

ARCHIVO DEL COMITE CENTRAL DEL PCE

El número 2 del año 1975 de A VOZ DO POBO se encuentra encuadernado por error a continuación del nº 1 de 1974.



MINISTERIO
DE CULTURA

ARCHIVO DEL COMITÉ CENTRAL DEL PCE

El número del día 1974 de A VOZ DO POBO se encuentra
encuadrado por error en la continuación del nº 1 de
1974.

MINISTERIO
DE CULTURA

